



Proxecto Documental Integrado "1, 2, 3... PA-TA-CA!!"

IX CONCURSO DE TRABALLO POR PROXECTOS
CEIP PLURILINGÜE de MEAÑO AS COVAS

Curso 2022-23

Código: 36015871 Localidade: Meaño Provincia: Pontevedra

ÍNDICE

1.– Introducción.

1.1.– Xustificación e planificación con referencia aos contidos curriculares.

1.2.– Competencias clave desenvolvidas no proxecto.

1.3.– Criterios e estándares de avaliación.

1.4.– Calendario para as tarefas previstas.

1.5.– Alumnado e profesorado participante.

1.6.– Organización para a súa realización.

2.– Obxecto ou temática de investigación propostos.

3.– Breve descrición do proceso de deseño e elaboración da proposta.

4.– Documentación elaborada para profesorado e alumnado.

5.– Relación das tarefas máis importantes realizadas ao longo do proxecto polo alumnado.

6.– Recursos utilizados e enumeración detallada das fontes consultadas para a investigación.

7.– Implicación da comunidade educativa.

8.– Difusión dos traballos entre a comunidade educativa (web, blog, rede social, outros...)

9.– Avaliación realizada en relación cos criterios de avaliación e as competencias clave do currículo.

Procedementos empregados.

10.– Función e participación da biblioteca escolar en todo o proceso.

1.- Introducción.

1.1.- Xustificación e planificación con respecto aos contidos curriculares.

Logo de varios cursos sendo a biblioteca eixe vertebrador de proxectos documentais integrados con temáticas como "Aquí todos pintamos moito", "Tele-Coviña", "Contruímos con Coviña", "Puro teatro", "Botarse ao monte", "Dende Meaño"... Durante o curso 2022-23 a biblioteca e o Centro escollemos a **fotografía** como temática do novo PDI.

Este PDI tivo como obxectivo fundamental a posta en valor e coñecemento do mundo da **fotografía**. Na fotografía, como en toda arte, o concepto e a coherencia do discurso toman unha importancia relevante á hora de realizar a fotografía, de creala. Ao mesmo tempo, coa lectura de imaxes non só se len as cousas que son recoñecibles, senón tamén as que poden ser interpretadas dende a afectividade, a imaxinación e fantasía. As nenas e nenos teñen capacidade para falar do que saben a través do que ven. A imaxe non só é portadora de información para describir verbalmente o que representa, senón tamén posibilita interpretacións. As imaxes (tanto creadas como interpretadas) precisan dun alto grao de observación, algo que consideramos moi positivo fomentar no alumnado do centro. A nivel curricular, a fotografía está presente en todas as competencias e dev pé para traballar aspectos curriculares do máis diverso (contidos de Ciencias, matemáticas, lingüísticos, arte...).



Dado o carácter interdisciplinar do tema, o PDI estivo presente na Aprendizaxe Baseada en Proxectos, incluíndo ao igual que noutras ocasións en todos os proxectos a pregunta "Que queremos facer?" paralelamente a de "Que queremos saber?". Este curso, integramos os proxectos de investigación do PDI nos contextos educativos de aprendizaxe. Por ese motivo, os proxectos foron realizados internivel: Infantil (3, 4 e 5 anos), grupo dos medianos (1º, 2º e 3º de Primaria) e grupo dos maiores (4º, 5º e 6º). Nesta ocasión, en Primaria acordouse facer un proxecto por equipo (de 4 membros), polo que nos atopamos coa elaboración de 24 proxectos relacionados coa fotografía en Primaria e 2 en Infantil. No grupo dos medianos o alumnado escolleu traballar sobre **especialidades fotográficas** e, dentro delas, saeron proxectos como Fotografía aérea, fotografía nocturna, Urbex, fotos con alma, bodegón natureza, cianotipias, fotografía de mascotas, de produtos, coloreando fotos antigas, etc. No caso do grupo dos maiores os proxectos foron fotográficos, especializándose e centrándose nun **tema relacionado con espazos, lugares ou persoas de Meaño**. Así, algúns dos proxectos escollidos foron: Proxecto conserxe, nenas e nenos traballando, parques e camiños, hostelería, artesáns, Banda Unión de Música de Meaño, Adegas Paco e Lola, portas, ollos, casas abandonadas, etc..

1. 2.- Competencias clave desenvolvidas a través do proxecto.


No desenvolvemento do PDI estiveron integradas todas as competencias clave nas diferentes actividades e tarefas que se foron desenrolando. A metodoloxía foi inclusiva, activa e participativa e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. No proceso o protagonismo e as decisións partiron das nenas e nenos da escola (a elección dos proxectos, elaboración de tarefas de publicidade, elección dos resultados finais, etc.).



- **Comunicación Lingüística (CCL):** fomentouse a mellora da expresión oral a través das exposicións dos diferentes proxectos e fotografías, comprensión lectora mediante a busca de información para os proxectos e lectura de imaxes, expresión escrita a través da creación partindo de fotografías así como do extracto de ideas principais e síntese da información atopada, comprensión oral mediante a escoita activa das exposicións orais dos compañeiros/as. Tamén se traballou a expresión escrita da elaboración de carteis, anuncios de radio, guións de exposicións finais, mapas mentais, invitacións para a visita das familias, etc.
- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT):** Realizáronse medicións e proporcións para poder realizar marcos e producións asociadas aos proxectos: expositor de fotos de mascotas, expositor de fotografía nocturna, marcos, lapbooks, caixas, etc. Fomentáronse procesos de planificación, realización e comunicación de resultados das investigacións realizadas. Realizáronse actividades de fotografía matemática con elementos do entorno: xeometría, medida, lóxica, numeración... e por suposto científicas, a través de observación, análise, recollida de datos, experimentación e investigación.
- **Competencia dixital (CD):** utilizáronse TICs para a busca de información (tablets e ordenadores), seleccionando as fontes fiables para a posterior síntese e aportación aos proxectos. Tamén fomentouse a mellora na utilización das TICs a través da elaboración e posterior publicación de carteis e infogramas co programa Canva, presentacións en pantalla das exposicións orais, invitacións, elaboración de anuncios e podcast de radio, guión e gravación de vídeos do resultado final, gravacións de entrevistas e voces en off no estudio de radio, etc.



- **Aprender a aprender (CAA):** a aprendizaxe por proxectos estimula esta competencia dende o momento no que se fai reflexionar sobre o que se sabe, o que se quere saber, onde buscamos, como nos organizarnos para atopar as respostas, que aprendemos... Estas preguntas obrigan a coñecer distintas estratexias para afrontar tarefas, estratexias de planificación, estratexias de avaliación do resultado e do proceso levado a cabo... E sobre todo fomenta que o alumno/a se sinta protagonista e responsable do proceso, organización, solución de problemas e resultado da súa aprendizaxe.
- **Competencias sociais e cívicas (CSC):** O alumnado tivo unha participación de forma activa e construtiva na comunidade educativa e na sociedade. Leváronse a práctica estratexias da aprendizaxe cooperativa e prácticas baseadas no pensamento crítico e creativo. O alumnado de 4º, 5º e 6º levou o proxecto a Meaño, realizando proxectos fotográficos onde os protagonistas foron persoas, oficios, comercios e institucións do Concello.
- **Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):** mediante a iniciativa da visita das familias ao resultado final do PDI, o alumnado tivo que deseñar un plan para a súa exposición, mellorando a capacidade de análise, planificación, organización e xestión, tamén a capacidade de adaptación ao cambio e resolución de problemas. Durante o proceso fomentouse a iniciativa e interese en todo o alumnado.
- **Conciencia e expresións culturais (CCEC):** durante o proceso do PDI o alumnado mellorou a capacidade para apreciar a importancia do coñecemento, coidado e respecto cara o contorno máis próximo. Desenrolouse a iniciativa, a imaxinación e a creatividade nos diferentes proxectos, fotografías e formatos de exposición artística final.



1.3.- Criterios e estándares de avaliación.

Sendo un proxecto tan amplo e variado, tratáronse moitos estándares de aprendizaxe, contidos e criterios de avaliación plasmados no currículo. Nomearemos, a modo de exemplo, aqueles criterios de avaliación máis relevantes. Algúns dos criterios e estándares de avaliación tratados:

"Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico do contorno próximo e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora"; "Buscar de maneira guiada información utilizando fontes de información e facendo uso das TIC"; "Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para documentarse sobre o seu contexto cultural e artístico"; "Organiza e planifica o seu propio proceso creativo partindo da idea, recollendo información bibliográfica, dos medios de comunicación ou da internet, desenvolvéndoa en esbozos e elixindo os que mellor se adecúan aos seus propósitos na obra final, sen utilizar elementos estereotipados, sendo capaz de compartir cos compañeiros e compañeiras o proceso e o produto final obtido"; "Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de información e documentación para a creación de producións propias"; "Comprender textos orais sinxelos dos medios de comunicación, extraendo o sentido global e información específica"; "Usa e manexa documentos impresos, audiovisuais e dixitais para obter a información máis importante e necesaria"; "Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información, mediante notas, esquemas, guións ou mapas conceptuais"; "Coñece os oficios das persoas do seu contorno e valora a importancia de cada profesión, a responsabilidade e a contribución social, evitando estereotipos sexistas"; "Usa a biblioteca de centro con autonomía, para obter datos e informacións, e colabora no seu coidado e na súa mellora", etc.



1.4. Calendario para as tarefas previstas.

O PDI comezou no mes de outubro e rematou o 21 de xuño co último día de visita das familias á exposición final de “1, 2, 3...PA-TA-CA!!”. Coma noutras ocasións, o proxecto tivo tres fases moi claras:

- No **primeiro trimestre** houbo unha primeira fase de **aproximación e curiosidade** cara o tema, visitas de fotógrafos e a exposicións fotográficas, proxectos internivel realizados no contexto científico (para gustos, hai cores.; desmontando a cámara fotográfica...), etc.
- O **segundo e terceiro trimestre** foron de **elaboración de investigacións e proxectos específicos** escollidos polo **alumnado** nos diferentes grupos internivel dos contextos (en Primaria, un proxecto por equipo) .
- A finais do **terceiro trimestre de preparación dos resultados finais, guións, entrevistas e gravacións de podcast** expositivos, libros e tarefas de presentación de cada proxecto, tarefas de publicidade, etc.

Dado o seu carácter interdisciplinar, a fotografía estivo presente durante todo o curso nas expresións orais, nas titorías, linguas, matemáticas, proxectos, contextos educativos de aprendizaxe, nas distintas celebracións (Samaín, 25 N, día da Paz, entroido, Día Internacional da Muller, Letras Galegas...).

1.5.- Alumnado e profesorado participante.

Este proxecto puido levarse a cabo grazas a implicación de todo o profesorado (16 mestres/as) e todo o alumnado (153 entre Infantil e Primaria). As titoras/es e especialistas mediante o desenvolvemento de proxectos no tramo de contextos educativos (con apoio das profes de PT e AL), colaboración en todas as actividades, preparación dos resultados finais e exposición na biblioteca. O alumnado estivo moi involucrado e motivado durante o desenvolvemento do PDI durante todo o curso .

1.6.- Organización para a súa realización.

O equipo de Biblioteca propuxo o tema no último claustro do curso pasado. Unha vez aprobado foi o equipo quen co-ordinou, temporalizou e organizou (en colaboración cos outros equipos) as diferentes tarefas levadas a cabo durante o presente curso escolar, xa planificadas en setembro no Plan Anual Lector e na PXA. Tamén se elaborou un documento cunha “chuvia de ideas” para consulta de todo o profesorado ([pinchar no enlace para acceder](#)).

O equipo de EDNL aportou a súa colaboración na elaboración do almanaque coa temática da biblioteca. O Equipo de Dinamización das TICs colaborou na divulgación (fundamentalmente a través do facebook e das bitácoras de aula do colexio) das actividades levadas a cabo. O Equipo de Actividades Extraescolares e de EDNL colaboraron na coordinación da organización das celebracións relacionadas como Samaín, 25N, Paz, Entroido., 8M, Día do Libro...

As familias tamén colaboraron na celebración do Samaín e asistindo as visitas das diferentes instalacións preparadas (exposicións do 25N, Día da Paz ...) e visita ao resultado final do PDI na biblioteca da escola. Tamén houbo diferentes obradoiros relacionados coa fotografía ao longo do curso: Mark Ritchie, Ismael Torres, obradoiro de cianotipias...e axuda dun pai fotógrafo no desenvolvemento de diferentes proxectos.

2.- Obxecto ou temática de investigación propostos.

Como xa ben sendo habitual na vida da escola e da biblioteca, o PDI ocupa a parte máis importante de actividades e tarefas durante cada curso escolar. Este curso o tema escollido foi "1, 2, 3...PA-TA-CA!!". A idea principal de levar a cabo este PDI foi afondar na observación, admiración e posta en valor desta arte, acadar uns conceptos básicos de fotografía que nos queden para a vida, ao igual que a visión fotográfica e gusto pola mesma, lectura de imaxes, creación de imaxes, interpretación de imaxes, descubrimento da fotografía e a súa historia e especialidades fotográficas... Tamén é certo que a fotografía daba pé para traballar as linguas, matemáticas, Ciencias...dada a importancia da imaxe e a súa presenza no noso día a día.



3.- Breve descripción do proceso de deseño e elaboración da proposta.

Na segunda semana de setembro, coincidindo co día de apertura da biblioteca, a través dos golpes nas portas coa vasoira da mascota Coviña, apareceron as caixas diante das clases coas cartas que presentaban a temática para o alumnado e as familias.

Moito dos días de celebracións especiais tamén tiveron relación coa fotografía e, en moitos casos, acabaron nunha exposición fotográfica colectiva.

No Samaín, entre outras actividades, decorouse todo o monte con instalacións de medo e, en colaboración coa escola de música de Meaño, preparáronse interpretacións musicais terroríficas. Pola noite, coa axuda da ANPA, acudiron familias e persoas de Meaño, podendo asistir a sesións de contacontos, de música... A organización do evento correu a cargo do alumnado de 6º de Primaria e das familias. Nas semanas previas, a Comisión de familias organizou talleres de elaboración de manualidades na biblioteca da escola. A fotografía tamén foi a protagonista da noite.



No 25 N deixamos claro que en Meaño tamén rexeitamos a violencia machista. Tomamos de base a proposta da fotógrafa Elina Chauvet, creadora dunha instalación artística que naceu na Cidade de Juárez tendo como protagonistas zapatos vermellos, invitando á reflexión sobre as desaparición e asasinatos de mulleres. Cada clase da escola encargouse de deseñar, preparar e sacar unha fotografía de zapatos vermellos e logo atopar unha frase que fixera reflexionar. Realizamos unha exposición con todas as fotos da escola.



Como todos os cursos, realizamos un calendario (en colaboración co equipo de Dinamización lingüística) aportando unha foto por aula relacionada co mes correspondente e o seu refrán.

O Día da Paz e non violencia, traballamos en todas as titorías a poesía visual de Chema Madoz. Logo deseñamos, preparamos e sacamos fotos de poesía visual que fixeran reflexionar sobre a paz. Finalmente realizamos unha exposición.



Desde finais do 2º trimestre ata mediados do 3º realizáronse os proxectos de investigación específicos nos contextos educativos de aprendizaxe (60 minutos diarios). Os proxectos realizados por cada equipo de contexto foron:

INFANTIL	CONTEXTO MEDIANOS (1º, 2º, 3º) ESPECIALIDADES FOTOGRÁFICAS	CONTEXTO MAIORES (4º, 5º, 6º) PROXECTOS FOTOGRÁFICOS SOBRE MEAÑO
• Eu son así • Xa non somos bebés	• Urbex meañense • Fotografía aérea • Fotos con alma • Monumental viaxe do equipo Dog. • Fotografía de mascotas • Cianotipias • Bodegón natureza • Fotografía de animais-fauna • Seres mitolóxicos • Fotografía de produtos • Coloreando fotos antigas • Fotografía nocturna	• Parques e camiños • Portas • Proxecto conserxe • Ollos • Artesáns de Meaño • Os agricultores de Meaño • Casas abandonadas • Adega Paco & Lola • Nenos e nenas traballando • Parroquias de Meaño • Música en Meaño • Hostelería de Meaño



Aclarar que no contexto de medianos houbo proxectos de investigación sobre diferentes especialidades fotográficas e no contexto dos maiores fixéronse proxectos fotográficos. Neste caso, unha vez escollido un tema sobre Meaño, a investigación xira en torno a ese tema e as respostas deben plasmarse en fotografías (son as imaxes as que nos dan as respostas contando unha historia ou no formato escollido para expresar o aprendido). En todos os grupos os proxectos foron escollidos polo alumnado e partiron das súas preguntas. Tamén houbo unha parte importante de aprender facendo (fundamentalmente a propia creación/realización das fotografías, pero tamén elaboración de maquetas, lapbooks, entrevistas, podcast...). Foron expostos o último día de curso ocupando todo o espazo exterior da escola. Houbo tarefas de publicidade e loxística asociadas ao PDI que foron levadas a cabo polo alumnado. (Pinchar aquí para [as tarefas publicitarias](#) e aquí para [resultado final da exposición](#)). Os **resultados finais** foron escollidos polo alumnado, variando o formato: exposicións fotográficas, lapbooks xigantes, trípticos, podcast con códigos qr, maquetas, propostas artísticas de bordado sobre fotografía histórica, espazos escuros para a fotografía nocturna, etc.



A maiores das investigacións, nas titorías e especialidades houbo un aproveitamento grande sobre fotografía para funcións didácticas relacionadas con todas as materias: [radio e fotografía](#), [escrita e fotografía](#), [fotografía matemática](#), [prácticas coa cámara...](#) Tamén houbo diferentes visitas de especialistas, realizando obradoiros co profesorado e/ou co alumnado: [Mark Ritchie](#), [Ismael Torres](#), un [pai dun neno da escola](#) e un obradoiro de [cianotipias](#).

No 2º trimestre toda Primaria acudiu á [exposición fotográfica de Tim Flach](#), en Vigo, cos seus traballos previos e posteriores correspondentes.





Outras das celebracións levadas a cabo durante o segundo trimestre e relacionadas co PDI foron o Día do Libro, coa proposta "Somos portada" (meténdonos na portada do noso libro favorito) e o 8 M, onde retratamos á "muller da nosa vida", traballando previamente o retrato como especialidade fotográfica.

Durante o 2º trimestre tamén tivo lugar a Olimpiada do Saber sobre fotografía, cunha alta participación.

4.- Documentación elaborada para o alumnado e profesorado.

Durante o curso o equipo de biblioteca foi aportando diferentes documentos para facilitar a posta en marcha e organización do proxecto tanto ao profesorado como ao alumnado.

Para o profesorado:

- Plan anual de Lectura indicando as diferentes fases e temporalización do proxecto, así como tarefas concretas a realizar ao longo do curso en relación co proxecto.
- Chuvia de propostas a realizar en aula/contextos relacionadas coa fotografía.
- Cartas da mascota Coviña informando ás familias e ao alumnado da temática do PDI.
- Trípticos de organización de celebracións concretas (Día do Libro, Día da Paz...)
- Proposta de tarefas de publicidade e de loxística do resultado final.





Para o alumnado:

- Cartas da mascota Coviña informando ás familias e ao alumnado da temática do PDI.
- Notas e carteis anunciando as diferentes actividades.
- Plans de traballo diversos con propostas relacionadas coa fotografía.
- Documentos con tarefas relacionados coa fotografía e a imaxe levados a cabo no tramo de Contextos: Para gustos hai cores, Desmontando a cámara.

5.- Tarefas máis importantes realizadas polo alumnado.

Os auténticos protagonistas no proceso deste PDI, os que escolleron os proxectos e os resultados finais foron os nosos alumnos e alumnas. Estamos seguros de que isto é o que provocou que as tarefas propostas e realizadas foran tan creativas e variadas:

- Proxectos de investigación específicos. Estes proxectos implicaron busca e selección de recursos e información, organización do traballo, elaboración de textos e extracción da información máis importante, traballo cooperativo, autoavaliación, etc. ([enlace a unha infografía dun proceso dun dos proxectos](#)).
- Realización, selección e edición de fotografías relacionadas con cada un dos proxectos ([enlace ás fotos do equipo de fotografía nocturna a modo de exemplo](#)).
- Presentación dos proxectos en formatos diversos: lapbooks, murais, libros, carteis, trípticos, maquetas, photocalls...
- Podcasts varios sobre fotografías históricas coa proposta, que pasou despois? Redacción e podcast con elas: [bomba atómica](#), [luz eléctrica](#), [Einstein](#), [Harold](#), etc.
- Elaboración de bordados en fotografías históricas, podcast de entrevistas e dos resultados finais dos proxectos con códigos qr...
- Elaboración dos guións e gravación dos anuncios de radio, guión e diversos anuncios de vídeo de publicidade. [Anuncio vídeo 1](#), [anuncio vídeo 2](#).
- Carteis en canva anunciando o evento, invitacións para as familias.
- Elaboración de marcos diferentes para a colocación das fotografías na exposición final.
- Elaboración de guións e posterior preparación e gravación para Tele Coviña de curtametraxes relacionadas coa fotografía: [Fútbol e fotografía](#), [Nikon ou Canon](#), [Click](#).
- Exposicións orais en aula, escrita creativa partindo de fotografías, etc.



6.- Recursos e fontes utilizadas.

Os libros informativos da biblioteca foron necesarios para a busca de información sobre fotografía... O equipo de biblioteca mercou bibliografía específica no comezo e no medio do curso. Tamén tivemos que realizar búsquedas en internet a través de ordenadores e tablets. Outra parte de información necesaria foi a das familias e tamén a dos expertos fotógrafos que viñeron a facer obradoiros e resilver dúbidas ([acceso aos obradoiros](#)).

7.- Implicación da comunidade educativa.

O PDI puido levarse a cabo fundamentalmente polo apoio de todo o Claustro ás diferentes propostas do equipo de Biblioteca. A implicación do profesorado, por tanto, foi do 100%. O alumnado implicouse no desenvolvemento de todas as tarefas. As familias participaron na organización e loxística da celebración do Samaín, iobradoiros, na realización de marcos para a exposición final, na visita as instalacións realizadas para as celebracións, así como na visita ao produto final. Tamén houbo implicación por parte de persoas e empresas de Meaño para as propostas de proxectos fotográficos dos maiores.

8.- Difusión entre a comunidade educativa.

O principal medio de difusión foi a [bitácora específica do PDI](#). Tamén enviamos un enlace á mesma e colgamos aqueles aspectos máis importantes dende a [bitácora da biblioteca](#). Puntualmente cada mestra/e tamén foi publicando as novidades na súa bitácora de aula (actualizada diariamente). As tarefas de publicidade realizadas polo alumnado tamén tiveron como finalidade promocionar a visita á exposición do resultado final do 21 de xuño (estaba anunciada para o 20, pero choveu). Outro medio de difusión foi o [facebook do colexio CEIP As Covas Meaño](#) e a [renovada páxina web da escola](#).



9.- Avaliación. Procedementos empregados.

Como procedementos de avaliación empregáronse fundamentalmente as reunións periódicas do profesorado (semanais, mensuais e trimestrais), reflexionando sobre o grao de adquisición dos obxectivos marcados (tanto a nivel organizativo, como pedagóxico, como social). Houbo unha revisión constante do proxecto, sendo modificado nalgún caso o calendario inicial así como engadindo e adaptando ás tarefas a desenvolver. O alumnado de educación Primaria avaliou a si mesmo a través de diferentes rúbricas elaboradas polo profesorado en función do proxecto levado á cabo. Tamén houbo unha autoavaliación constante á través das asembleas e reflexións individuais. En fin de curso houbo unha enquisa do equipo de biblioteca ás familias e profesorado, onde se incluían preguntas relacionadas co PDI e o traballo por proxectos.

10.- Función e participación da biblioteca escolar.

A Biblioteca Escolar foi o motor do PDI "1, 2, 3... PA-TA-CA!!" durante todo o curso, realizando tarefas como:

- Coordinar e organizar o desenvolvemento do proxecto. Realizou reunións periódicas co equipo de biblioteca, o ENDL, o equipo de TICs e o equipo de actividades extraescolares.
- Organizar os diferentes días de celebración en coordinación cos demais equipos: Samaín, 25 N, Calendario, Día da Paz, 8M, Día do Libro, Letras Galegas, obradoiros, saída a exposición de Tim Flach, exposición final...
- Elaborar e promover diferentes tarefas relacionadas co proxecto: cartas de Coviña, tarefas de publicidade, propostas de actividades e metodolóxicas relacionadas co PDI, etc.
- Organización, proposta e reparto de tarefas para o produto final de "1, 2, 3...PA-TA-CA"
- A biblioteca como lugar imprescindible para que o alumnado poida investigar e desenvolver os seus proxectos de investigación.

En Meaño, a 13 de xullo de 2023



Paulo Nogueira Porto
Director do CEIP Plurilingüe de Meaño As Covas